

Os **adverbios** son palabras que nos dan información acerca das circunstancias (de lugar, tempo, modo...)

que rodean a acción do verbo. Son palabras **invariables** (non teñen xénero, número nin persoa).

Poden ser de...

LUGAR: aquí, alí, dentro, fóra, enriba, debaixo, preto, lonxe, diante, detrás...

TEMPO: antes, despois, agora, onte, hoxe, mañá, cedo, tarde, logo, sempre, nunca...

MODO: ben, mal, regular, amodo, así, mellor, peor, suavemente, tranquilamente, comodamente...

CANTIDADE: pouco, moito, bastante, máis, menos, suficiente...

AFIRMACIÓN: si, tamén.

NEGACIÓN: non, tampouco.

DÚBIDA: quizais, acaso.

1.- Localiza o adverbio e indica a clase:

Eu **fixen** un debuxo **onte**.

Hai **menos** neste montón.

Dentro do cine vai calor.

Non o merquei.

Irei a verte **despois**.

Faino o mellor posible.

Ela tamén o quere.

El veu rapidamente.

Quizais vaia ao circo.

Por que nunca me chamas?

2.- Substitúe as palabras destacadas en negriña por un adverbio.

O partido de fútbol empeza **neste momento**.

Xulia fixo **con facilidade** o exercicio.

Non fun ol circo **ningunha vez**.

Non chegues **despois da hora**.

Ponte **a continuación** de Xoán.

Chamoume **antes de hoxe**.

3.- Clasifica los siguientes adverbios según su clase:

enriba

cedo

despois

bastante

menos

diante

difilmente

nunca

tampouco

acaso

moito

debaixo

amodo

tamén

ben

LUGAR	TEMPO	MODO	CANTIDADE	AFIRMACIÓN	NEGACIÓN	DÚBIDA